



1. CONVENIO PARA ATENCIÓN PROFESIONAL A VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL

O pasado 6 de xullo asinouse un convenio entre o Consello da Avogacía Galega e a Xunta de Galicia dirixido a garantir a atención xurídica a mulleres vítimas de violencia sexual naqueles supostos en que non sexa de aplicación o artigo 20 da Lei 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Obxecto do convenio: Garantir que as vítimas dispoñan dun avogado ou avogada especialista en delitos contra a liberdade sexual, que as asista en canto á denuncia, o asesoramento xurídico e o acompañamento inicial, todo isto con independencia de que a vítima dispoña ou non de recursos para litigar.

Duración do convenio: O convenio produce efectos dende a súa sinatura e ata o 30.11.2023, sen prexuízo de que poida subscribirse un novo convenio para o 2024.

Cando se presta a asistencia: Esta atención letrada prestarase todos os días do ano e as 24 horas do día.

Quen presta a asistencia: Será levada a cabo por **avogados e avogadas que figuren na quenda de violencia contra a muller**, durante as súas gardas.

En que consiste: En prestar asesoramento xurídico e orientación nos momentos iniciais; asistencia legal na práctica das primeiras dilixencias e, de ser o caso, na interposición da denuncia; acompañamento legal inicial ante o órgano xudicial ou xurisdiccional, entre outros. Non cobre o procedemento penal que se inicie tras a denuncia. Para este último caso, a vítima tería que solicitar, se tivese dereito, o beneficio de xustiza gratuíta para exercer a acusación particular, ou ben designar un letrado ou letrada da súa confianza no caso que non se lle recoñecese tal beneficio.

Compensación económica: Compensarase con 180 € por cada asistencia debidamente xustificada.

Xustificación da asistencia: Deberán xustificarse de forma independente ás actuación da quenda de oficio, xa que o aboamento da asistencia non se inclúe nas prestacións da asistencia xurídica gratuíta. Para este efecto, **deberá descargar e presentar cuberto o seguinte parte de asistencia:**

https://www.icasantiago.org/wp-content/uploads/2022/11/formulario_asistencia-vitimas_violencia_sexual.pdf

Para máis información poderase contactar co secretario técnico do Colexio (Manuel Arza).

2. CONVENIO PARA ACCIÓNS DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA A PROFESIONAIS DA AVOGACÍA SOBRE ATENCIÓN A MULLERES E MENORES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

O pasado 5 de xullo o Consello da Avogacía Galega asinou un convenio coa Xunta de Galicia **dirixido a financiar cursos de formación** profesional sobre atención a mulleres e menores que sofren **violencia de xénero**.

Estes cursos realizaranse entre os meses de setembro e novembro e proximamente informaremos da súa programación e contidos.



CIRCULAR INFORMATIVA 6/2023

3. CONVENIO PARA COMPENSAR ECONOMICAMENTE OS LETRADOS/AS DA QUENDA PENAL NO CASO DE DENEGACIÓN DE AXG A PERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS POR DETERMINADAS CAUSAS

O pasado de maio asinouse a renovación do convenio entre o Consello da Avogacía Galega e a Consellería de Presidencia e Xustiza para compensar economicamente os profesionais da avogacía designados na xurisdición penal **cando se lle denegue a xustiza gratuíta á persoa solicitante por non asinar a solicitude ou por non achegar a documentación requirida** pola comisión de asistencia xurídica gratuíta, así como cando sexan designados para a defensa dunha **persoa xurídica** no ámbito penal e esta sexa insolvente.

Requisitos e ámbito do convenio

Ao ser un convenio asinado para o ano 2023, os procedementos deberán estar iniciados a partir do 01.01.2023, co número de xustiza gratuíta ou PR do ano 2023, e xustificaranse antes do 30.11.2023.

«A.- Para persoas físicas en procedementos penais:

1. Que o defendido teña denegado o dereito de asistencia xurídica gratuíta por algunha das seguintes causas:
 - a. Por falta da sinatura do interesado no anexo da solicitude de recoñecemento do dereito que autorice o acceso á información económica por parte da Administración.
 - b. Por non achegar a documentación requirida pola Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta.
2. Que o letrado designado **intentase, previamente**, o cobramento dos seus honorarios directamente ao defendido (non é necesario que sexa unha reclamación xudicial, abonda cunha reclamación por escrito).

B.- Para persoas xurídicas en procedementos penais:

1. Que carezan de patrimonio suficiente, por ser o seu resultado contable, en cómputo anual, inferior ao triplo do IPREM.
2. Que o profesional designado intentase previamente o cobramento dos seus honorarios directamente do defendido.»

Importante

- Só cobre as designacións nas que se denegue a xustiza gratuíta por non achegar a documentación requirida ou por non asinar a solicitude.
- Non cobre aquelas denegacións por non achegar documentación cando a persoa solicitante estea de alta na Seguridade Social e dispoña de nómina (neste caso deberase presentar a correspondente conta de avogado).
- Non cobre, como é lóxico, cando se lle denegue o dereito de xustiza gratuíta por ter a persoa solicitante recursos e superar o mínimo legal.

Compensación económica

Aboaranse as mesmas contías que establece o baremo da quenda de oficio para os distintos procedementos da xurisdición penal.



CIRCULAR INFORMATIVA 6/2023

Para as persoas xurídicas, establécese unha única cantidade de 382,95 euros polo procedemento penal correspondente.

Xustificación e aboamento

Estas actuacións **deberán xustificarse de maneira independente ás declaracións trimestrais das quendas**, xa que se aboará de acordo co estipulado no dito convenio.

As actuacións poderán xustificarse a partir de agora e serán certificadas ante a consellería trimestralmente.

Para xustificalas deberase remitir un escrito de solicitude no que se indique:

- Datos do letrado/a
- Datos do cliente/a
- Número de procedemento xudicial e xulgado
- Tipo de delito
- Número de SOX (núm. de PR)
- Achegar o xustificante da reclamación de honorarios ao cliente.

Para ampliar esta información ou resolver posibles dúbidas, poderase contactar co secretario técnico do Colexio (Manuel Arza).

Lembrámosvos que todos estes convenios poden consultarse na páxina web do Colexio: Acceso libre > Portal de transparencia > Convenios > Coa Administración pública